



**D. ANTONIO LORENZO MORANDEIRA, LCDO. EN DEREITO E SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELO DE BEGONTE ( LUGO ).**

**CERTIFICO:** Que, examinados os datos obrantes nestas oficinas ao meu cargo, a Xunta de Goberno Local , - na sesión extraordinaria de data 16 de decembro de 2014 - adoptou entre outros o acordo cuxo tenor literal é o seguinte :

**6º.-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO-MODALIDADE DE DEPENDENCIA.**

Dada conta do expediente incoado para proceder á contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación do servizo de “ Axuda a Domicilio – Modalidade de Dependencia “, cun orzamento de licitación de Catrocentos once mil novecentos oitenta e oito euros ( 411.988,00 € ), desglosados en 396.194,96 € de principal e 15.793,04 € de Ive .

Visto , as ofertas presentadas polas distintas empresas participantes na licitación e a proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación con data 27 de novembro de 2014 en favor da mercantil Servicios Sociais Virxe do Carme, S. L. , logo da acta de constancia e valoración das correspondentes ofertas , por tratarse da oferta mais vantaxosa.

Visto, a presentación pola devandita empresa - con data 10 de decembro do actual - da documentación requirida, acreditativa da personalidade , dos requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional, da constitución da fianza definitiva esixida e de atoparse ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e coa seguridade social,

A Xunta de Goberno Local, en canto que órgano de contratación competente, e por unanimidade, acorda :

**1º.-** Adxudicar o servizo de “ AXUDA A DOMICILIO-MODALIDADE DE DEPENDENCIA “ á mercantil SERVICIOS SOCIAIS VIRXE DO CARME, S. L. co CIF nº B-27.291.038 , no prezo total de Catrocentos oito mil catrocentos cincuenta e dous con vinte e seis euros ( 408.452,26 € ) , desglosados en 392.742,56 euros de principal e 15.709,70 euros de Ive.

**2º.-** A duración inicial do contrato será de dous anos, podendo ser prorrogado por periodos anuais ata un máximo de duración de 4 anos.

No devandito prezo, inclúese as seguintes melloras ofertadas :

Plan de formación anual do persoal :

- Atención e apoio psicosocial/Apoio domiciliario e alimentación familiar .....310 horas.
- Alimentación saudable na terceira idade ..... 95 horas.
- Curso de primeiros auxilios..... 80 horas.
- Metodoloxía e técnicas lúdicas na recreación con adultos maiores..... 105 horas.

Servizos complementarios : Servizo de Podoloxía ( 4 sesións anuais a cada usuario) e Servizo de Fisioterapia : 100 sesións anuais.

Axudas Técnicas : Grúas de mobilización persoal (4 unidades), e Camas articuladas ( 4 unidades ).

3º.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente polo importe total de Catrocentos oito mil catrocentos cincuenta e dous con vinte e seis euros ( 408.452,26 € ), con cargo á aplicación 233.2273 do orzamento municipal vixente e adquirir o oportuno compromiso de gasto para os exercicios posteriores de 2015 e 2016.

4º.- Notificar a adxudicación do contrato aos candidatos ou licitadores , así como a publicación no perfil do contratante. Requerir ao contratista coa oferta mais vantaxosa para a correspondente formalización do contrato.

5º.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a formalización do devandito contrato administrativo e de cantos documentos fosen necesarios na execución do acordado e proceder á publicación desta formalización no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante.

E para que conste, e aos efectos de unir ao expediente de razón , de orde e co visto e prace do sr. Alcalde-Presidente e coa salvedade do disposto no art. 206 do R.O.F. , expídese a presente en Begonte a dezaseis de decembro de dous mil catorce.



Visto e Prace.  
O Alcalde-Presidente.  
Asdo. José Ulla Rocha.

O Secretario-Interventor

